

V/F 181

Sra. Doña Virginia Pereira Benda  
Viuda de Castelao  
Belgrano, 2605  
Buenos Aires

,20 marzo 1958.

Sempre lembrada Virginia:

Cando recibín a súa primeira carta, despois do noso retorno, aproveitando o primeiro viaxe a Monteviedra, tentéi dar cumprimento as súas mandas. Outra volta surxiron os trámites, que eu xa tiña percorridos de antes, e supoña valedeiros pra sempre. Tiven que solicitar de novo autorización de Madrid, que non sempre, nin pra todo, anda de presa. Despois tiven meses atafegados de traballo, con saídas a Barcelona, Madrid e Portugal, que tamén demoraron aquel-as cousas que se non podan encargar a outro.

Supoño que as destinatarias terán xa hai días recibido o que me ten indicado. Eu aínda non retiréi do Banco as equivalencias, mais procedín así pra non demorar mais. Sei que chegou a Monteviedra autorización pra retirar até 10,000. Pol-o tanto, si co-a diferenza quere que se faga algo pode indicarmos. Eu non a retiraréi en tanto agardo súas novas, se coída que ten algunhas a dar sobre d-este ehoio.

De Clemencia e Sara tivemos novas pol-a Navidade. Despois non. Supoñemos que estarán ben.

Pilar pasou algúns meses mal. Agora atópase mellor. Parece que se vai confirmando a revolta do fígado, e está tratando de sofocal-a, principalmente c-un específico inglés, que vai ben.

Dende hai cinco meses toda a familia ven afectada pol-a enfermidade do meu primo Javier Andrade, fillo maior de Juan Bautista, médico i-escritor de outa calidade. As súas dotes persoais e cinco fillos pequeniños, son a-abondo para encher de preocupación a todos. Ten unha doencia renal, pol-o visto indomable.

Transmíta nosas lembranzas aos amigos Pradas, Puente, Picallo, Alonso... e coas mellores de Pilar e Alfonso, reciba o mais cordial afecto de

V. PAZ-ANDRADE